



MISA CON NENOS
6 de outubro de 2024
Ordinario 27º-B
Marcos 10, 2-16:

“Deixade que os nenos se acheguen a min”.

Mensaxe: No centro do teu Reino a sinxeleza dun neno

la sencillez de un niño
en el centro de tu Reino



1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás:

Celebramos o domingo 27 do tempo ordinario. A nosa comunidade vai volvendo á normalidade despois dos meses de verán, retomando o ritmo do curso, comezando estes días a catequese e outras actividades parroquiais. E xuntos celebramos o día do Señor, en comunidade, unidos a Cristo que se fai Eucaristía para fortalecernos. As lecturas dinnos que para Xesús pertencen ao seu Reino os que teñen a inocencia e a bondade dos nenos. E que os maiores levemos os nenos a Xesús, que os acheguemos a El.

SAÚDO: No nome... Xesús, que quere que esteamos con el e que sexamos os seus amigos, está convosco.

2. ACTO PENITENCIAL

O noso amor é moitas veces pobre, limitado, con moita carga de egoísmo. Ao comezar a Eucaristía imos pedir perdón a Deus e aos nosos irmáns.

- Porque nos sentimos superiores aos demais e os xulgamos. **Señor, ten piedade de nós.**

- Porque antepoñemos os nosos intereses á mensaxe de Xesús. **Cristo, ten piedade de nós.**

- Porque na nosa convivencia cústanos ceder e facer máis agradable e levadía a vida de todos. **Señor, ten piedade de nos.**

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

O noso Pai Deus convídanos a vivir en compañía: familia, parella, amigos. En cada etapa da nosa vida esta compañía axúdanos moitísimo a levar adiante a nosa historia persoal. Que importantes son para nós, a familia e os amigos. Pois aprendamos a darnos aos demais, a vivir a unión e o compromiso de ser fieis.

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote) Presentemos as nosas oracións ao Pai, confiando na forza do seu amor.

–Axúdanos a crecer no amor. –Acheguemos os nenos a Xesús.

1.- Para que a Igrexa anuncie o amor de Deus e sexa exemplo e escola de amor fraterno. Oremos.

2.- Para que os esposos descubran na experiencia do seu amor o gozo de vivir e desvivirse polo outro, superando as dificultades con amor e con perdón. Oremos.

3.- Polas familias, para que sexan verdadeiros obradoiros de amor, de solidariedade, de compañía e de unión. Oremos.

5.-Por nós para que construíamos o Reino, descubramos as situacións inxustas e non discriminemos a ninguén. Oremos.

6.- Polos grupos que inician a catequese estes días, para que participen cada domingo na Eucaristía, e contaxien a outros coa súa fe. Oremos.

7.- Por todos os nenos da parroquia, para que lles levemos a Xesús e lles ensinemos a quere-lo. Oremos



(Sacerdote) *Deus noso Pai, que nos reúnes aos teus fillos ao redor da túa mesa, escoita as nosas súplicas. Por XNS.*

5. PRESENTACIÓN DAS OFRENDAS

UNS PAIS CO SEU FILLO-A: Señor, queremos vivir unidos, creando un clima de amor e de fe para que no noso fogar acollamos a Xesús e o fagamos partícipe da nosa vida.

CATEQUISTAS: Señor, os catequistas queremos ser a túa voz, as túas mans, o teu corazón, as testemuñas da túa presenza entre nós. Axúdanos ti para que os nosos nenos e a mocidade se acheguen a ti e os contaxiemos do amor que nos tes.

CORAZÓNS (de papel de cores que os nenos levan e pasan a cravar no panel): Ofrecemos estes corazóns de papel que simbolizan a nosa alegría de estar con Xesús e o agarimo que lle temos.

NENOS CO PAN E O VIÑO: Xesús, ao presentarche o pan e o viño queremos que a Eucaristía de cada domingo, acompañados dos nosos pais, sexa o momento máis importante da semana.

6. ACCIÓN DE GRAZAS

- Grazas, Xesús, polo agarimo especial que tes aos nenos.
- Grazas, Xesús, por ser amigo de todos.
- Grazas, Xesús, porque nos axudas a ser mellores cada día.
- Grazas, Xesús, por estar sempre ao noso lado.
- Grazas, Xesús, porque ninguén nos quere tanto coma ti.
- Que nunca che esquezamos. Que sempre contemos contigo.
- Que sintamos a alegría de estar contigo. Que sexas da nosa cuadrilla.